

GALERÍA DE ARTE

Aires da miña terra

UN amigo contábame a sensación que lle produciu contempla-la exposición 'Gracias do lugar' no dobre espacio do CGAC, centro este que tanta polémica levantou. A serie monumental 'Eidos de Bama' e a de pequeno formato 'Eidos de Rosalía' transformaban o seu espírito, convertíanse nunha pequena alegría para el, comentábame; probablemente serían tamén unha pequena alegría para un dos seus escritores favoritos: Herman Hesse.

O meu amigo percatouse de que as paisaxes recentes que Antón Lamazares nos presenta neste recinto agochaban unha alma, un halo misterioso que só certos individuos dotados de sensibilidade poden sentir. Lamazares, que actualmente vén desenvolvendo a súa actividade pictórica en Madrid, amósanos aquí as súas especulacións sobre unha observación da brétema, o aire, a luz, o tempo galego totalmente intelectuais e nada instantáneas. Inventa unha natureza preexistente e mergulla todo o seu ser nun plenarismo totalizador que nos conduce a un pasado remoto. Sentíase seducido o meu fiel amigo polas gradacións cromáticas dos verdes, que o levaban a unha claridade nuns lenzos que en principio o puideron conectar coa noite escura da alma dun San Juan de la Cruz. A noite dos sentidos, dos recordos que reflectían no lenzo o pasado do pintor na súa terra natal: Lalín. Estes lenzos elaborados con técnica mixta evocaban un pasado cheo de amor, onde conseguía darlle alma á súa pintura. Ó abri-los ollos percibía aire ó seu redor, descubría a iluminación particular de Galicia, un pequeno fragmento de convivencia coa natureza. O ollo exercítase paulatinamente e sen esforzo para converterse en mediador de moitos pequenos estímulos. A súa pintura simula un xogo de caleidoscopio con variacións infinitamente suxestivas.

Por Fátima Otero